


En relación coa matrícula dos alumnos da Licenciatura de Odontoloxía, segue a ser válida a interpretación dada pola Instrucción de 5 de novembro de 1998 sobre o procedemento de liquidación de prezos públicos por matrícula.

E é polo exposto que se dicta a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

1. Para os efectos de liquidación da matrícula en curso completo na Licenciatura de Odontoloxía (plano de 1990) considérase como ensinanza non renovada, e polo tanto, procederase para o curso 2001-2002 a súa liquidación conforme á tarifa 1ª do Decreto 157/2001 de 29 de xuño.
2. Dada a diferente estrutura (anual/cuadrimestral) dos planos non renovados e o do Plano de Odontoloxía (estructura en créditos), que fai moi dificultosa a aplicación das tarifas ordinarias que se estruturan por materias de planos de estudos non renovados a un plano configurado en créditos, aplicarase excepcionalmente o sistema de liquidación por créditos para o caso de que os alumnos se matriculen en disciplinas soltas.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2001
**O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA
E TITULACIÓNS**



Celso Rodríguez Fernández
Celso Rodríguez Fernández

SR. DECANO DA FACULTADE DE MEDICINA - SRA XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE - SR. DIRECTOR DO COIE